



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Cultura

Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais do Concello das Pontes para o ano 2024

ANUNCIO

Mediante o decreto nº 1739/2024, de 12 de setembro ditado pola segunda tenente de alcalde, resolveuse aprobar as seguintes bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais para o ano 2024 e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

FUNDAMENTOS LEGAIS

O Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, que aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2024.

Base 1. Obxecto.

Coa presente convocatoria, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de bases do réxime local, Lei 5/1997, de administración local de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), Lei de subvencións de Galicia, título V das bases de execución do orzamento do Concello das Pontes para o exercicio de 2024, o Concello das Pontes de García Rodríguez quere dar apoio ás entidades culturais e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo deste xeito a impulsar a democratización da sociedade, e fomentando a defensa dos valores da igualdade de xénero, e a linguaxe inclusiva.

Base 2. Requisitos das entidades beneficiarias.

Entidades privadas sen ánimo de lucro que cumpran cos seguintes requisitos:

- Os estatutos deberán ter obxectivos e finalidades culturais.
- Estar legalmente constituídas e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.
- Ter o domicilio fiscal no Concello das Pontes de García Rodríguez, e desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de As Pontes ou sobre temas de interese para este Concello.
- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións de Galicia ou no Rexistro de Asociacións do Concello das Pontes ou no Rexistro de Fundacións de Galicia.

Base 3. Gastos subvencionables.

As subvencións ás entidades culturais irán destinadas a actividades culturais e a infraestruturas e equipamento.

3.1. Gastos incluídos no desenvolvemento de actividades culturais:

- Gastos de persoal con contrato laboral coa entidade solicitante necesario para a realización e desenvolvemento da actividade obxecto de subvención e durante a duración da mesma.
- Gastos de seguros exclusivamente para a actividade para a que solicita axuda: responsabilidade civil e, se fose o caso de cobertura de accidentes da actividade.
- Gastos de transporte para a realización de viaxes culturais: os gastos de transporte serán subvencionables no caso de ter contratado a un terceiro (autocar) e sempre que o gasto de transporte implique unha visita cultural con documento xustificativo que acredite que se realizaron actividades culturais na propia viaxe (visitas a museos, conxuntos patrimoniais,...).
- Gastos de publicidade da actividade para a que se solicita subvención: cartelaría, publicidade, etc.

- Gastos de megafonía, son, iluminación e infraestruturas imprescindibles e necesarios para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita axuda, debidamente acreditados.

- Gastos de agasallos (agasallos de artesanía tradicional, xogos educativos, libros e /ou dispositivos electrónicos de pequeno formato, cultura etnogastronómica da localidade ou da autonomía) destinados directamente para o desenvolvemento da actividade e que sexan necesarios e imprescindibles para a realización da mesma.

- Gastos para o desenvolvemento de actuacións culturais: subministracións non inventariables necesarios para a realización da actividade (tecidos, madeira, etc...), material de oficina, monitore/as das actividades e actuacións de carácter cultural.

- Gastos de cursos, charlas e obradoiros de natureza cultural (honorarios e quilometraxe).

- Gastos de organización: empresas organizadoras de actividades e gastos correntes da entidade destinados á execución das actividades para as que se solicita a subvención.

- Gastos de funcionamento da entidade, tales como: gastos de alugueiro das sedes sociais, de subministración e servizos de auga, enerxía, gas, teléfono, internet, papelería, xestoría e asesoramento para trámites da entidade ou seguros.

*** Quedan excluídas desta convocatoria os gastos de:**

- Gastos de hostalería, comidas e restauración.

- Os gastos para viaxes que non leven incorporada unha actividade cultural complementaria.

- Os gastos para o desenvolvemento de celebracións gastronómicas, festas patronais, parroquiais, romarías e eventos relixiosos en xeral.

- Os gastos correntes para actividades de carácter social, deportivo, tempo libre, promoción económica e/ou relacionadas coa saúde.

- Actividades formativas non vinculadas directamente a contidos artísticos, culturais ou etnográficos.

Non se subvencionaran actividades que non teñan un carácter exclusivamente cultural.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

3.2. Gastos incluídos en infraestruturas e equipamento:

- Equipamentos e moblaxe.

- Realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles de titularidade da entidade solicitante.

- Compra de materiais de uso técnico e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade.

Base 4. Compromisos e obrigas das entidades solicitantes

- Aceptar a subvención. No caso de que as entidades beneficiarias non comuniquen ao Concello, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

- As entidades que organicen actividades de programación cultural quedarán obrigadas a comunicalo con anterioridade ao servizo de cultura do Concello das Pontes, co fin de organizar a programación cultural anual do Concello. O incumprimento desta obriga poderá ser causa da perda da subvención.

- Con carácter xeral a subvención solicitada nunca superará o 100 % do presuposto estimado de gastos presentados e posteriormente xustificadas.

- A entidade farase cargo dos gastos xerados pola utilización ou difusión de obras con dereitos de autor, propiedade intelectual e os de obras audiovisuais e cinematográficas (pagos a SGAE, DAMA...),

- As entidades subvencionadas están obrigadas a facer constar a colaboración do Concello en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades ou investimentos subvencionados, facendo constar ao seu carón o texto: "Actividade subvencionada polo Concello das Pontes".

- As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, o escudo do Concello das Pontes.
- As entidades beneficiarias da subvención utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que, ao uso, utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
- As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas o perfil do Concello de As Pontes: @AsPontes no TWITTER , #concelloaspontes en INSTAGRAM e <https://www.facebook.com/ConcelloAsPontes> no FACEBOOK.
- Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.
- No caso de que a Entidade concerte a execución total ou parcial das actividades con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deberá solicitar previamente autorización expresa ao órgano que concede a subvención; unha vez obtido a autorización o importe subvencionable non poderá exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
- As entidades someteranse ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o Concello das Pontes, en su caso, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Determinación, no seu caso, dos libros e rexistros contables específicos para garantir a adecuada xustificación da subvención, tal como establece o artigo 17.3.h da LXS.

O incumprimento destas obrigas levará parella a perda da subvención.

Base 5. Importe da convocatoria

Destinaranse 220.000,00 euros ás subvencións para as entidades culturais, dos cales 198.000,00 euros estarán destinados a actividades culturais e 22.000,00 euros para infraestrutura e equipamento. As subvencións irán a cargo da partida orzamentaria 2024.334.

Base 6. Solicitudes: presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar.

As solicitudes, dirixidas ao Alcalde, formularanse de xeito telemático, nos modelos oficiais xunto coa documentación que sexa preciso achegar e a través da Sede Electrónica do Concello.

As solicitudes formularanse no modelo oficial (Anexo I), que será facilitado polo Concello das Pontes e terá exclusivamente formato electrónico. A solicitude deberá presentarse a través da sede electrónica do concello <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html> (procedemento de solicitude xeral).

Só se poderá presentar unha solicitude por titular (si se presentan máis, só se valorará a primeira).

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes cumprimentaranse pola persoa que actúe en nome ou representación da persoa xurídica solicitante, mediante certificado electrónico dalgunha das autoridades recoñecidas como emisoras. A este efecto serán válidos, polo tanto, o certificado dixital da persoa xurídica ou ben o certificado dixital da persoa física que represente á entidade.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade (agás as xa rexistradas no rexistro de entidades do Concello das Pontes).
- Fotocopia da tarxeta do NIF da persoa representante (agás as xa rexistradas no rexistro de entidades do Concello das Pontes).
- Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo (agás as xa rexistradas no rexistro de entidades do Concello das Pontes).
- Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo modelo dispoñible na sede electrónica.

- Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para as súas relacións co Concello das Pontes.

- Certificación do número de socios en activo a data 01/01/2024.

- Certificación na que a entidade se compromete a facer constar a colaboración do Concello das Pontes en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.

- Declaración da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.

- Declaración da persoa representante, na que conste que a entidade está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello das Pontes e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes o cal non terá ningunha clase de vínculo nin relación laboral co Concello das Pontes.

- Autorización para que o Concello das Pontes poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Documentación específica da subvención:

- **Obxecto** da actividade e **memoria explicativa** da/s actividade/s para as que se solicita a subvención; a memoria deberá facer mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, e o calendario fixado e antigüidade da mesma.

- **Orzamento estimado** dos gastos, e previsión de ingresos correspondentes para os ditos gastos.

- **Importe** da subvención solicitada.

Coa finalidade de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria ás entidades solicitantes, así como a outros servizos ou expertos.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

Protección de datos de carácter persoal.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e á súa publicación de acordo co previsto no regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE; aspectos desenvolto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente para a xestión e tramitación do expediente correspondente.

Base 7. Criterios de valoración.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

a) Criterios de valoración para as actividades

7.1. Contido do programa e actividades presentadas; coincidencia coas liñas estratéxicas, obxectivos e criterios das áreas municipais de cultura; adaptación do programa ou actividades ao contexto e programación cultural do Concello: **ata 40 puntos**, de acordo cos seguintes subcriterios:

a) **Formación** non regulada en disciplinas culturais (música, danza, teatro, bellas artes...). Outros proxectos educativos de interese xeral para o conxunto ou sectores específicos da poboación do Concello: **ata 30 puntos**

| | |
|---|---------------|
| Número de profesores/as ou monitores/as | ata 10 puntos |
| Número de alumnos/as | ata 10 puntos |
| Número de especialidades ofertadas | ata 10 puntos |

b) Actividades, eventos ou divulgación de posta en valor do patrimonio cultural e o patrimonio natural, do Concello das Pontes, coincidente coa liña estratéxica, obxectivo e criterio da área municipal de cultura: ata 10 puntos.

| | |
|--|----------|
| Valoración da vinculación do proxecto co patrimonio cultural, inmaterial e natural | 5 puntos |
| Execución do proxecto nun elemento do patrimonio cultural ou natural do Concello | 5 puntos |

7.2. Interese da proposta presentada: ata 35 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos:

| | |
|---|---------------|
| O interese cultural da proposta | Ata 25 puntos |
| O impacto sociocultural e grado de cooperación co Concello e con outras entidades da vila | Ata 10 puntos |

A Comisión valorará estes aspectos a partir da Memoria explicativa da actividade para a que solicita a subvención. Terase en conta a calidade en termos de elaboración e concreción do proxecto (obxectivos, actividades, plan de traballo..); calidade en termos de coherencia e interese cultural das actividades, presenza de elementos innovadores na proposta de contidos, na metodoloxía ou nos recursos utilizados para o desenvolvemento da actividade. Integración dos proxectos ou actividades presentadas na programación cultural do Concello.

7.3. Proxecto de máis dunha actividade (multidisciplinar). Ata 3 puntos.

| | |
|------------------------------------|----------|
| Proxecto con unha actividade | 1 punto |
| Proxecto entre 2 e 5 actividades | 2 puntos |
| Proxecto con máis de 5 actividades | 3 puntos |

7.4. Número de persoas asociadas da entidade: ata 6 puntos.

| | |
|--------------------------------|----------|
| Menos de 25 persoas asociadas | 1 punto |
| De 25 a 49 persoas asociadas | 2 puntos |
| De 50 a 99 persoas asociadas | 3 puntos |
| De 100 a 199 persoas asociadas | 4 puntos |
| De 200 a 499 persoas asociadas | 5 puntos |
| Máis de 500 persoas asociadas | 6 puntos |

No caso de Fundacións este criterio valorarase con 6 puntos.

7.5. Emprego. Valórase o emprego directo vinculado á entidade beneficiaria para o proxecto obxecto desta subvención, ata 3 puntos

| | |
|---------------------------------|----------|
| Unha persoa traballadora | 1 punto |
| De 2 a 5 persoas traballadoras | 2 puntos |
| Máis de 5 persoas traballadoras | 3 puntos |

7.6. Número de persoas beneficiarias directamente polas actividades, ata 6 puntos:

- Entorno da propia entidade: 2 puntos.
- Colectivos específicos: 3 puntos.
- Comunidade en xeral: 6 puntos.

7.7. Coeficiente de financiamento propio: ata 5 puntos. Enténdese por financiamento propio a achega de cartos para financiar o proxecto para o que se solicita a subvención, xa sexa pola propia entidade ou por outros patrocinadores ou

outras administracións públicas. A achega propia poderá realizarse imputando unha parte das cotas mensuais dos socios ao pago da actividade ou establecendo uns ingresos propios que deberán pagar os participantes nas actividades.

| | |
|-----------------|----------|
| Do 1% ao 5% | 1 punto |
| Do 6% ao 20% | 2 puntos |
| Do 21% ao 30% | 3 puntos |
| Do 31% ao 50% | 4 puntos |
| A partir do 51% | 5 puntos |

7.8. A entidade conta con local propio ou en alugueiro: 2 puntos.

Os criterios para a valoración serán dun total **100 puntos**.

b) Criterios de valoración para infraestrutura e investimentos

Interese do investimento presentado: ata 30 puntos.

Valoraranse os seguintes aspectos:

7.9. O traballo de carácter claramente cultural que desenvolve a entidade solicitante: ata 15 puntos

7.10. A necesidade e contribución real do investimento presentado para o mellor desenvolvemento das actividades culturais da entidade: ata 10 puntos

7.11. A contribución do investimento ou equipamento a melloras medioambientais, e tecnolóxicas: ata 5 puntos

Base 8.- Procedemento de concesión.

O réxime aplicable á subvención é o de concorrencia competitiva. A concesión da subvención realizarase mediante resolución do Concelleiro Delegado, a proposta motivada da comisión avaliadora que requirirá informe do servizo de cultura (órgano instrutor do expediente) no que figure que da información que consta no seu poder, derívase que as persoas beneficiarias reúnen todos os requisitos necesarios para acceder á subvención. A comisión avaliadora realizará a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios sinalados no artigo anterior, propoñendo a adxudicación da subvención a aquelas que tiveran maior valoración, sen exceder, en ningún caso, o importe da dotación orzamentaria fixada nestas bases. A comisión avaliadora redactará unha acta puntuando as solicitudes de acordo cos criterios enumerados nas bases e propoñendo un importe a subvencionar.

A comisión avaliadora estará composta polas seguintes persoas:

- Presidente/a: o alcalde ou persoa en quen delegue.

- Vogais: dous concelleiros/as designado/as polo alcalde, e dous traballador/as municipais.

Na comisión desenvolverá as funcións de secretaría, sen voto, persoal funcionario da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

Será preceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto e das solicitudes.

Base 9.- Resolución

A unidade que tramita o expediente, á vista da documentación que consta neste, formulará un informe proposta de resolución, debidamente motivado, que incluírá a relación de entidades solicitantes que resulten beneficiarias para os que propón a concesión da subvención, o importe concedido e a desestimación, se houbera, de solicitudes, e as non admitidas a trámite.

Na súa proposta de resolución, e por motivos argumentados baseados na insuficiencia orzamentaria, a unidade poderá deixar fóra da concesión a aquelas entidades que figuren no tramo de puntuación máis baixa. Este informe proposta será fiscalizado e notificado ás entidades solicitantes.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

Reformulación de solicitudes.

Unha vez notificada a resolución de concesión, a reformulación de solicitudes a que se refire o artigo 27 da LXS e o artigo 61 do seu regulamento, será automática, de tal modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ao solicitado polo beneficiario, o presuposto subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior reducirase proporcionalmente.

Modificación da resolución.

Unha vez notificada a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, despois de solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse a reformulación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou presuposto da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse antes do 31/10/2024 e será obxecto de resolución despois da proposta previa da Comisión Avaliadora.

Base 10.- Prazo de execución

O prazo máximo de execución da actividade ou adquisición de infraestruturas subvencionadas será dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.

Base 11.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación finaliza o 30 de novembro de 2024, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. En calquera caso, a data límite para a xustificación será o 31 de xaneiro de 2025.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), será requirido ao beneficiario para a súa presentación (art.70 do Regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento, dará lugar a que por resolución da Alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención municipal para o seu reflexo contable.

Base 12.- Forma de xustificación.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade ou proxecto, subvencionado. O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade ou proxecto de que se trate, nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Haberá que xustificar a totalidade do gasto orzamentado aprobado na resolución da subvención, que será o indicado no seu día no orzamento presentado coa solicitude, ou no seu caso, no orzamento reformulado.

Cando o importe xustificado sexa inferior ou superior ao presentado na solicitude de subvención, só se aceptarán desviacións de financiamento debidamente xustificadas.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial, e con carácter xeral non se admitirán como xustificandos facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Deberá xustificarse tanto o 100% da subvención concedida polo Concello de As Pontes coma o importe obtido por outros ingresos e/ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada para o que entregarán relación con indicación do importe e a súa procedencia.

Sistema de xustificación.

A xustificación terá **exclusivamente** formato electrónico e deberá presentarse a través da Sede Electrónica do Concello.

En xeral, a xustificación efectuarase mediante a presentación pola persoa ou entidade beneficiaria dunha conta xustificativa simplificada, segundo se describe a continuación.

A conta xustificativa incluirá:

- a) A memoria das actividades levadas a cabo para a execución do programa.
- b) Unha relación clasificada de ingresos e gastos, asinada dixitalmente polo secretario e o presidente (ou representante) da entidade correspondente á execución do programa subvencionado.

A relación clasificada de ingresos conterá unha relación individualizada de todas as achegas recibidas, así como dos ingresos obtidos por publicidade, patrocinio, etc., co importe total calculado; no caso das achegas de empresas, anuncios na relación deberá constar o nome da empresa e CIF, ou no seu caso, nome, apelidos completos en abreviaturas e NIF.

A relación clasificada de gastos conterá unha relación individualizada con indicación do concepto de gasto subvencionado, acredores (nome da empresa e CIF, ou de ser o caso, nome, apelidos completos en abreviaturas e NIF), dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e data de pago). Indicaranse as desviacións acaecidas.

c) Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente que se presentarán electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixital do documento orixinal.

*As facturas deberán cumprir co disposto no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro no que se regulan as obrigas de facturación. As facturas virán detalladas, incluíndo o prezo unitario sen impostos de cada operación, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no prezo unitario. **As facturas que non cumpran este requisito serán devoltas á entidade para subsanación das mesmas.**

As copias dixitais presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Deberá acompañarse xustificante bancario no que deben constar o número de factura, obxecto de pago, identificación da persoa pagadora e a destinataria do pago, que deberá coincidir con quen expide a factura.

As entidades beneficiarias das subvencións municipais deben utilizar, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado persoa beneficiaria. Excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 300 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

Toda a documentación deberá presentarse en formato PDF (o máximo do total dos arquivos presentados por cada rexistro telemático será de 15MB).

d) Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do concello en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades ou investimentos subvencionados.

Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo de execución establecido pola convocatoria da subvención, sendo necesario que se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e que se acredite o seu pagamento. En ningún caso o seu custo poderá ser superior ao valor de mercado.

Aos efectos da consideración de subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.

- Os gastos derivados da organización e realización das actividades subvencionadas; o material funxible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionadas.

- Seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.

- As retribucións a persoal técnico e do/as monitores/as que teñan relación laboral ou de arrendamento e servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas. Só se admitirá minuta cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE.

- Os gastos correspondentes a voluntariado, conferenciantes ou monitores/as que colaboren coa entidade impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta que contará cos seguintes datos:

- Nome, CIF e enderezo da entidade.
- Nome e apelidos do/a monitor/a, ou seu NIF e enderezo.
- A cantidade que recibe e correspondente retención de IRPF.
- O concepto polo que se paga (actividade, curso, etc.).
- Datas nas que se impartiu a actividade, curso...
- Lugar e data da emisión do recibo.
- Sinatura do/a monitor/a ou voluntario/a.

Xunto con esta documentación acompañarase:

- Certificado do/a secretario/a da entidade declarando que a persoa perceptora é allea á mesma.
- Declaración xurada da persoa perceptora conforme a cantidade recibida é en concepto de gratificación pola súa colaboración.

- Os xustificantes de pago dos premios en metálico (que terán a correspondente retención de IRPF cando superen os 300 €) contará cos seguintes datos:

- Bases ou cartel no que consten os premios en metálico a outorgar.
- Nome, CIF e enderezo da entidade.
- Nome e apelidos da persoa premiada, o seu NIF e enderezo.
- A cantidade que recibe en concepto de premio e a correspondente retención de IRPF se é necesario.
- O concepto polo que se recibe o premio.
- Datas nas que se desenvolveu o concurso.
- Lugar e data da emisión do premio.
- Sinatura da persoa premiada.

- Gastos de mantemento (alugamento, luz, auga, teléfono, consumibles, oficina).

- Axudas de custo por desprazamento relacionada coa actividade subvencionada. No caso de xustificar con axudas de custo, deberá achegarse ticket xustificativo do gasto efectuado en caso de desprazamento por autoestrada, e factura a nome da persoa perceptora da indemnización no caso de manutención. En todo caso, será conforme ao disposto no artigo 9 do R.D. 439/2007, do 27 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas en canto ás contías máximas excluídas de gravame. O concello facilitará un modelo de axudas de custo para que sexa cuberto e entregado coa conta xustificativa.

- Cando o importe dun gasto subvencionable supere as contías do contrato menor establecidas na lexislación de contratos do sector público, a entidade beneficiaria deberá solicitar previamente polo menos tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á contratación, seleccionando a oferta máis vantaxosa consonte a criterios de eficiencia e economía. En calquera caso, as ofertas recibidas deberán achegarse coa documentación xustificativa.

- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación ou mellora de bens inmobles, adquisición de mobles, nas convocatorias ou no convenio regulador deberá fixarse o período de adscrición á finalidade pública para a que se concedeu a subvención. Se o ben resulta susceptible de inscrición nun rexistro público, deberá anotarse naquel o importe da subvención concedida e a afección do ben ao pagamento do reintegro, no caso de incumprimento da obriga de destino.

Base 13.- Forma de pago.

As subvencións aboaranse do seguinte xeito: o 80 % no momento da concesión e o 20 % restante trala xustificación da subvención. Deberase constituír unha garantía polo importe anticipado incrementado no 20%, estarán exonerados de garantías as entidades beneficiarias de subvenciones concedidas por importe de menos de 3.000 € segundo o art. 42 do regulamento da Lei de subvencións.

A subvención concedida será aboada mediante transferencia bancaria á conta corrente da persoa ou entidade que figure no certificado de datos bancarios entregado coa documentación de solicitude.

O aboamento da subvención non se levará a cabo se a persoa ou entidade beneficiaria tivese pendente xustificar algunha subvención cuxo prazo de xustificación xa finalizara. Tampouco se procederá ao aboamento se a persoa ou entidade non reintegrara algunha subvención anterior cando así se lle requirira.

Para o cobramento da subvención a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e o Concello das Pontes, situación esta última que determinará de oficio o propio Concello, a través do Servizo de Recadación.

Base 14.- Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

Base 15.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario.

Á entidade solicitante que se lle conceda a subvención, deberá facer público este financiamento municipal, incluíndo o escudo do Concello en toda a publicidade que se xere (carteis, folletos, follas informativas...) nos medios electrónicos ou audiovisuais e nos anuncios que poida publicar nos medios de comunicación escritos.

Base 16.- Incumprimentos e sancións

O incumprimento dos prazos na presentación das solicitudes de subvención ou da emenda da documentación correspondente, se procede, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

Falta de xustificación ou xustificación insuficiente: Vencido o prazo de xustificación, ou de ser o caso da prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, a unidade xestora fará un requirimento para que a presente no

prazo improrrogable de **quince** días. A falta de presentación da documentación neste prazo perderá o dereito ao cobro da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS. En calquera caso, a presentación da conta xustificativa fóra de prazo dará lugar a incoación de expediente sancionador, imponéndose a sanción que proceda de acordo co previsto na lei LXS.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento iniciarase o procedemento de reintegro, xunto aos intereses de demora, nos termos establecidos no apartado 1 do artigo 37 da LXS.

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, máis do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador correspondente.

As infraccións en materia de subvenciones sancionaranse mediante a imposición de sancións, tal e como ven estipulado no Capítulo II da Lei 38/2003 (LXS).

No caso de non ter xustificada a subvención correctamente en forma e prazo estipulados, a entidade non poderá participar na convocatoria de subvencións do ano 2025.

O procedemento sancionador é o previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2024.

SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2024 ANEXO I. SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

| | | | |
|---|--|----------------------|----------------------|
| NOME / RAZÓN SOCIAL | | CIF | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| ENDEREZO | LOCALIDADE | CÓD. POSTAL | PROVINCIA |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| CORREO ELECTRÓNICO | TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |
| Nº DO REXISTRO DE ASOCIACIÓN DE GALICIA | Nº REXISTRO DE ASOCIACIÓN DO CONCELLO DE AS PONTES | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | |

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

| | | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | DNI |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| CORREO ELECTRÓNICO | TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

100% SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADE

| DENOMINACIÓN DO PROXECTO | ORZAMENTO TOTAL | CONTÍA SOLICITADA |
|--------------------------|-----------------|-------------------|
| <input type="text"/> | 0,00 € | 0,00 € |

SUBVENCIÓN ACTIVIDADE XERAL E SUBVENCIÓN INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO

| DENOMINACIÓN DO PROXECTO ACTIVIDADES | ORZAMENTO TOTAL | CONTÍA SOLICITADA |
|--------------------------------------|-----------------|-------------------|
| <input type="text"/> | 0,00 € | 0,00 € |

| DENOMINACIÓN DO PROXECTO INVESTIMENTOS (EQUIPAMENTO, INFRAEST.) | ORZAMENTO TOTAL | CONTÍA SOLICITADA |
|---|-----------------|-------------------|
| <input type="text"/> | 0,00 € | 0,00 € |

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA SE PRESENTOU CON ANTERIORIDADE

- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade
- Fotocopia da tarxeta do NIF da persoa representante
- Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo
- Certificación dos datos bancarios da entidade
- Declaración da persoa representante das subvencións solicitadas para a mesma finalidade ou de non ter solicitadas subvencións.
- Declaración da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria; na que conste que a entidade está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello das Pontes e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes.
- Autorización para que o Concello poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Certificación do acordo de solicitude, do nomeamento da persoa representante para as súas relacións co Concello das Pontes, do número de socios en activo en data 01/01/2024, e de compromiso de facer constar a colaboración do Concello en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.
- Memoria explicativa da/s actividade/s para as que se solicita a subvención

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin lle foi concedida outra axuda para o mesmo proxecto para os que solicita esta subvención:
 Si solicitou e/ou lle foron concedidas outras axudas para o mesmo proxecto para o que solicita esta subvención, que son as que a continuación se detallan:

| ORGANISMO | IMPORTE |
|-----------|---------|
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |

| | |
|--|--|
| 2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se acompañan son certos | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| 3. Non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e que coñezo e acepto as bases desta convocatoria. | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| 4. A entidade que represento está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes. | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| 5. Criterios de valoración para as actividades: | |
| 5.1. Formación non regulada en disciplinas culturais: | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| a.1) Número de profesores: | |
| a.2) Número de alumnos: | |
| a.3) Número de especialidades ofertadas: | |
| 5.1.b. Actividades, eventos de posta en valor do patrimonio cultural e natural: | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| b.1) Valoración da vinculación do proxecto co patrimonio cultural, inmaterial e natural | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| b.2) Execución do proxecto nun elemento do patrimonio cultural ou natural do Concello | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| 5.3. Número de actividades: | <input type="radio"/> 1 actividade <input type="radio"/> 2 - 5 actividades <input type="radio"/> Máis 5 actividades |
| 5.4. Número de persoas asociadas da entidade: | <input type="radio"/> Menos 25 persoas <input type="radio"/> De 25 a 49 persoas <input type="radio"/> De 50 a 99 persoas <input type="radio"/> De 100 a 199 persoas <input type="radio"/> De 200 a 499 persoas <input type="radio"/> Máis de 500 persoas <input type="radio"/> Fundación |
| 5.5. Emprego directo vinculado á entidade beneficiaria para o proxecto obxecto desta subvención: | <input type="radio"/> 1 persoa traballadora <input type="radio"/> 2 - 5 per. traballadoras <input type="radio"/> Máis 5 persoas traballa. |
| 5.6. Número de persoas beneficiarias directamente polas actividades: | <input type="radio"/> Entorno entidade <input type="radio"/> Colectivos específicos <input type="radio"/> Comunidade en xeral |
| 5.7. Coeficiente de financiamento propio: | <input type="radio"/> 1 - 5% <input type="radio"/> 6 - 20 % <input type="radio"/> 21 - 30 % <input type="radio"/> 31 - 50 % <input type="radio"/> Máis do 50 % |
| 5.8. A entidade conta con local propio ou en alugueiro: | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| Criterios de valoración para infraestruturas e investimentos: | |
| 5.9. O traballo que desenvolve a entidade solicitante é carácter claramente cultural: | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |
| 5.10. O investimento solicitado é claramente necesario para o mellor desenvolvemento das | <input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO |

actividades culturais da entidade.

5.11. O investimento ou equipamento contribúe a melloras medioambientais, e/ou tecnolóxicas,

SÍ NO

A PERSOA REPRESENTANTE AUTORIZA:

Ao Concello das Pontes a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÍ NO

A PERSOA REPRESENTANTE COMPROMÉTESE A:

Facer constar a colaboración do Concello das Pontes en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.

SÍ NO

CERTIFICACIÓN

1.- Que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día , adoptouse o acordo de presentación da solicitude de subvencións dirixidas ás entidades culturais do Concello das Pontes de García Rodríguez para o ano 2024 e que así mesmo, acordouse nomear a D/Dª como representante para as relacións desta entidade co Concello.

2.- Que o número de persoas socias activas desta entidade a 1/01/2024 é de:

E para que conste nesta solicitude, expido a presente certificación en o

SINATURA DA CERTIFICACIÓN

Asdo. A/o secretaria/o

Asdo. A/o presidenta/e

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DA SUBVENCIÓN

MEMORIA DA ACTIVIDADE. INTERESE E OBXECTIVO QUE PERSEGUE

CALENDARIO DAS ACTIVIDADES PARA ÁS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN:

ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS DESAGREGADO (da actividade/investimento para a que se solicita subvención)

| Concepto | Importe |
|---------------------|---------|
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| TOTAL GASTOS | 0,00 € |

PREVISIÓN DE INGRESOS (da actividade/investimento para a que se solicita subvención)

| Concepto | Importe |
|---------------------|---------|
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| | 0,00 € |
| TOTAL GASTOS | 0,00 € |

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

As Pontes de García Rodríguez, 12 de setembro de 2024

O segunda tenente de alcalde

Ana Pena Purriños

2024/6436